

## **Liña de axudas de carácter directo as familias para o comedor escolar nas etapas de educación infantil, primaria e secundaria.**

### **Importe das axudas**

- Os que teñen a condición de gratuidade total, teñen dereito a percibir 2,50€
- Os que teñen a obriga de pagar 1€, teñen dereito a percibir 1,50€
- Para o 1º período de libramento correspóndelle 14 días lectivos

### **Beneficiarios das compensacións**

As familias con un ou máis fillos/as escolarizados que teñan a condición de comensais gratuítos ou pagadores dun euro nas relacións de comensais correspondentes ao 31 de xaneiro de 2020.

### **Solicitudes. Lugar e prazo de presentación**

- Presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través de formulario normalizado dispoñible no seguinte enderezo: <https://sede.xunta.gal>
- Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído a Chave365
- As familias que acrediten dificultades para formalizar a solicitude por medios electrónicos, poderán solicitar a colaboración do equipo directivo do centro. Para tales casos establecece:
  - Horario de colaboración de 10 a 13 h.
  - Identificación do solicitante nos números 982828224 / 696427653 ou correo: [cpi.drlopez.savinao@edu.xunta.es](mailto:cpi.drlopez.savinao@edu.xunta.es)
- A solicitude será única por cada familia e incluírá á totalidade dos fillos/as
- O prazo será dende o día 31 de marzo ata o 6 de abril, ambos os dous incluídos

### **Comprobación de datos**

- Identificación do solicitante DNI ou NIE da persoa representante legal do alumnado
- Condicións de beneficiarios de comedor nas bases de datos da Consellería
- Conta corrente onde realizar o ingreso
- A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos persoais

O prazo máximo para resolver será de 10 días dende a data finalización do prazo de presentación de solicitudes. O pagamento, logo da resolución nun prazo máximo de 5 días

Para ampliar esta información poden consultar a Orde do 27 de marzo de 2020 (DOGA 30/03/2020).